

Axencia Tributaria de Galicia: servizo de cita

1. CONSIDERACIÓNS XENÉRICAS

O calendario de citas está aberto de forma permanente nun rango de 15 días.

Nestes intres os trámites para os cales se poderá solicitar cita son os de:


- Presentación de modelos 600, 620, 650, 651 e 660.
- Información sobre algún expediente existente ou trámite administrativo consecuencia dun procedemento de xestión ou recadación cuxa competencia corresponda a órganos da Axencia Tributaria de Galicia.
- Solicitar certificado de ausencia de débedas.
- Información tributaria xeral sobre Transmisións Patrimoniais, Vehículos, Sucesións, Doazóns, Recadación, Tributación sobre xogo, Tributos propios e taxas e Patrimonio. As citas de información tributaria xeral pódense solicitar para ser atendido/a de forma telefónica ou presencial.
- Solicitar asistencia na confección dos modelos 600 e 620.

A información tributaria de carácter xeral tamén se pode obter no número de información ao contribuínte 881 955 800, así como nos distintos números das Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario da Provincia da Coruña en horario de 9 a 14 horas.

Para solicitar cita no curso dun procedemento inspector, deberase chamar ao número de teléfono que figura no escrito de comunicación de inicio de dito procedemento.

Para os trámites de información sobre algún expediente existente ou trámite administrativo consecuencia dun procedemento de xestión ou recadación, o interesado ten a opción de poder indicar se considera que pode ser atendido de xeito telefónico, de tal forma que, tras indicar o día e hora na que quere ser atendido, un funcionario chamarao por teléfono para darlle a información solicitada. Para este tipo de trámites, a aplicación requiriralle un código seguro de verificación (CSV) ou código de verificación electrónica (CVE), segundo corresponda, que figurará no documento emitido pola administración sobre o que quere información (ver imaxe seguinte).

Exemplo de CSV (figura na parte inferior do documento en horizontal):



Exemplo de CVE (figura na marxe do documento en vertical):



CVE: DFCbGn2rW8
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

2. CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

2.1. DEPENDENDO DA OFICINA XESTORA OS TRÁMITES PARA OS QUE SE PODE SOLICITAR CITA SON OS SEGUINTE:

- a) Nas Delegacións de A Coruña e Vigo pódese pedir cita para os seguintes trámites:
 - Vehículos. Información/Presentación Modelo 620
 - Transmisións. Información/Presentación Modelo 600
 - Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650/651/660
 - Información expediente existente (SUC/DOA/TRA/VEH)
 - Asistencia na confección do modelo 600
 - Asistencia na confección do modelo 620
- b) Na Delegación de Pontevedra pódese pedir cita para os seguintes trámites:
 - Transmisións/Vehículos. Información/Presentación Modelo 600/620
 - Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650/651/660
 - Información expediente existente (TRA/VEH)
 - Informacións expediente existente (SUC/DOA)
 - Asistencia na confección do modelo 600
 - Asistencia na confección do modelo 620
- c) Na Delegación de Lugo pódese pedir cita para os seguintes trámites:
 - Transmisións/Vehículos. Información/Presentación Modelos 600/620
 - Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650/651/660

- Información expediente existente (TRA/VEH)
 - Informacións expediente existente (SUC/DOA)
 - Asistencia na confección do modelo 600
 - Asistencia na confección do modelo 620
- d) Na Delegación de Ourense pódese pedir cita para os seguintes trámites:
- Transmisións/Vehículos. Información/Presentación Modelo 600
 - Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650/651/660
 - Información expediente existente (SUC/DOA/TRA/VEH)
 - Información xeral sucesións/doazóns
 - Información xeral transmisións
 - Información xeral vehículos
 - Asistencia na confección do modelo 600
 - Asistencia na confección do modelo 620
- e) OLDH de Santiago pódese pedir cita para os seguintes trámites:
- Información e presentación Modelos 600/620 (TRA/VEH)
 - Información e presentación Modelos 650/651/660 (SUC/DOA)
- f) Nas oficinas que se relacionan de seguido pódese pedir cita para un trámite xenérico denominado Información e presentación de Sucesións, Doazóns, Transmisións e Vehículos (modelos 650,651,660,600,620).
- OLDH de A Coruña: Betanzos, Carballo, Ferrol, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Pontevedra.
- g) Nas oficinas que se relacionan de seguido pódese pedir cita para un trámite xenérico denominado presentación Sucesións, Doazóns, Transmisións e Vehículos (modelos 650,651,660,600 e 620)
- ODH de Pontevedra: A Estrada e Vilagarcía de Arousa.
- h) No resto das OLDH e ODH indicárase un número de teléfono para solicitar cita.
- i) En Servizos Centrais da Atriga pódese pedir cita para os seguintes trámites:
- Información expediente existente Imposto Patrimonio.
 - Información expediente existente Xogo e Impostos Medioambientais.

2.2. O DETALLE DOS TRÁMITES, CITADOS NO NÚMERO ANTERIOR, É O SEGUINTE:

a) *Presentación de impostos*

- **Vehículos. Información/Presentación Modelo 620:** se desexa información tributaria xeral do imposto de compravenda de vehículos ou presentar o modelo 620 coa súa correspondente documentación

- **Transmisións. Información/Presentación Modelo 600:** se desexa información tributaria xeral do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados ou presentar o modelo 600 coa súa correspondente documentación.
- **Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650-651-660:** se desexa información tributaria xeral do imposto sobre sucesións e doazóns ou presentar os modelos 650/D650, 651 ou 660 coa súa correspondente documentación.
- **Transmisións/Vehículos. Información/Presentación Modelos 600/620:** os mesmos requisitos que os descritos nos apartados a) e b) anteriores.
- **Presentación Sucesións, doazóns, transmisións e vehículos:** os mesmos requisitos que os descritos nos apartados a), b) e c) anteriores.

Recorde que, para todos os trámites que impliquen a presentación de modelos, **deberá acudir co modelo cuberto**, que poderá confeccionar a través da Oficina Virtual Tributaria ou adquirilo nos distintos [estancos autorizados](#) a tal efecto no ámbito de cada Delegación da Atriga ou nas Oficinas de Distrito Hipotecario e, no seu caso, coa cota tributaria ingresada nalgunha das entidades crédito que colaboren para ese efecto. Con todo, se a cota tributaria a ingresar é igual ou inferior a 3.000 € tamén poderá realizar o pago mediante tarxeta de débito ou crédito no Terminal Punto de Venda (TPV) físico da [Delegación da Atriga](#).

As Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario e as de Distrito Hipotecario NON teñen TPV físico para realizar o pago nas oficinas.

Se desexa información sobre a confección dos modelos pode chamar ao [telefono de información](#) que se indica na páxina web da Atriga.

- b) **Información sobre expediente existente en algún dos impostos xestionados pola Atriga:** se desexa acudir a un trámite de audiencia, a un requirimento ou obter información sobre algunha actuación realizada por parte da administración sobre un expediente en curso. Para este tipo de trámite a aplicación requiriralle un código seguro de verificación (CSV) ou código de verificación electrónica (CVE), segundo corresponda, que figurará no documento emitido pola administración sobre o que quere información.
- c) **Asistencia na confección dos modelos 600 e 620 por funcionario público.** Trátase dun servizo prestado polas Delegacións da Atriga para a confección de autoliquidacións do imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, compravenda de determinados medios de transporte usados entre particulares, modelo 620 e do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, modelo 600, segundo determinadas [condicións e requisitos](#).

2.3. TRÁMITE DE RECADACIÓN

- a) **Información sobre expediente existente en recadación:** se desexa acudir a un trámite de audiencia, a un requirimento ou obter información sobre algunha actuación realizada por parte da administración sobre un expediente en curso. Para este tipo de trámite a aplicación requiriralle un código seguro de verificación (CSV) ou código de verificación electrónica (CVE), segundo corresponda, que figura na documento emitido pola administración sobre o que quere información.

A cita para este trámite poderase solicitar en todas as delegacións así como en Servizos Centrais da Atriga.

- b) **Solicitar certificado de ausencia de débedas.**



É necesario para este trámite mostrar o DNI e no caso de que se solicite en nome doutra persoa, o poder que lle outorga a representación e a fotocopia do DNI do outorgante.

A cita para este trámite poderase solicitar en todas as delegacións así como en Servizos Centrais da Atriga.

2.4. REALIZARASE A SOLICITUDE DUNHA CITA POR CADA FEITO IMPOÑIBLE E TRÁMITE.

Exemplo 1: no caso dunha sucesión dun mesmo causante na que existan varios suxeitos pasivos e polo tanto varios modelos 650 bastará con solicitar unha única cita.

Exemplo 2: dúas persoas adquiren un inmovible suxeito ao imposto de transmisións patrimoniais, polo tanto teñen que presentar dous modelos 600, pero só terán que solicitar unha cita.

Exemplo 3: no caso dun documento sucesorio dun mesmo causante no que existan varios interesados e polo tanto varios modelos 660 bastará con solicitar unha única cita.